

CONCURSO DÍA DO LIBRO

A Biblioteca do IES Ramón Caamaño, en colaboración co EDLG e os Departamentos de Inglés e Francés, convoca un concurso para conmemorar o Día do Libro e, de paso, fomentar o hábito lector e a creatividade do noso alumnado.

PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todo o alumnado do IES Ramón Caamaño.

TEMÁTICA

Os participantes deberán elixir unha obra literaria (novela, teatro ou poesía) **en calquera das linguas que se imparten no centro**. A partir dela terán que:

1. Facer unha fotografía que faga referencia ao seu contido.
2. Escoller un fragmento da obra que resulte axeitado para acompañar a imaxe.

NÚMERO DE FOTOS

Cada participante presentará unha soa foto, orixinal e inédita, que poderá ser tomada con cámara dixital, móbil, tablet, etc.

FORMATO E TAMAÑO

- A foto poderá ser editada con calquera aplicación ou software fotográfico (photoshop, picassa...).
- Non se admiten fotomontaxes con imaxes obtidas da rede.
- As fotografías deberán enviarse en formato .jpg.

ENTREGA DE FOTOS E TEXTO

- A entrega realizarase por e-mail á seguinte dirección: ies.ramon.caamano@edu.xunta.es (**AVISO: No caso dos alumnos menores de 14 anos, serán os pais ou titores legais os que envíen o e-mail**).
- No asunto do correo deberá figurar a referencia “Concurso Día do Libro” e no corpo, os datos do concursante (nome, apelidos e grupo).
- O título da obra literaria e o fragmento seleccionado poderán ser incluídos na fotografía ou ben enviados nun documento escrito con procesador (Word ou Writer) que se adxuntará xunto coa fotografía no mesmo e-mail.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o xoves 26 de abril de 2018.

O nome dos gañadores farase público o 30 de abril de 2018.

PREMIOS

PRIMEIRO PREMIO: Obsequio por valor de **15 euros**.

SEGUNDO PREMIO: Obsequio por valor de **10 euros**.

TERCEIRO PREMIO: Vale-desconto para a cafetería de **5 euros**.